



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO PERSOAL DESTACADO NA OFICINA DA FUNDACIÓN EN BRUXELAS**

En Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019

**COMPARECEN:**

Dunha parte, D. Jesús M<sup>a</sup> Gamallo Aller, director da Fundación Galicia Europa (FGE), que intervéñe neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os Estatutos da FGE elevados a escritura pública perante o Notario de Santiago de Compostela, don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte e un de decembro de dous mil dezaioito, co número tres mil trescentos setenta e oito do seu protocolo, con domicilio en rúa do Hórreo, 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela.

*A*  
Doutra, D. José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural, que actúa por conta e en representación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG nº 185 do 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Recoñecéndose mutuamente ambas partes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar libremente o que as súas respectivas Entidades lles resulta de interese para o desenvolvemento das súas funcións,

*EXPROBEN*  
Que os Estatutos da Fundación Galicia Europa atribúenlle a esta a promoción de todas aquelas accións legais que fomenten o achegamento da realidade galega á europea, para o que mantén en funcionamento unha oficina en Bruxelas, que sirva de apoio á sociedade galega en xeral, e ás Entidades presentes no Padroado da Fundación, en particular, para a xestión de asuntos relacionados coa Unión Europea e as organizacións rexionais. Singularmente, prevese impulsar a formación en temas europeos e concertar con outras institucións, públicas ou privadas, a materialización de actuacións tendentes á realización dos obxectivos fundacionais. Ademais, a Fundación Galicia Europa asume tarefas de apoio nas relacións coas institucións europeas no que respecta aos intereses de Galicia ante a UE.

Que á Consellería do Medio Rural interésalle ter coñecemento das políticas comunitarias que lle afecten no seu ámbito competencial para o que ten destacada unha persoa nas oficinas da Fundación en Bruxelas co obxectivo de que esta faga un seguimento das políticas agrarias e pesqueiras comunitarias.





A Fundación Galicia Europa dispón da única oficina que a Comunidade Autónoma de Galicia ten en Bruxelas, o que proporciona o espazo e os medios necesarios para levar a cabo as actuacións previstas neste convenio, medios dos que a Consellería do Medio Rural carece. Dada a especificidade das accións a realizar por esta Fundación para desenvolver estas tarefas, non é posible promover a concorrência pública. Por outra banda, ao tratarse dunha subvención nominativa prevista na Lei de orzamentos da nosa Comunidade Autónoma, haberá que estar á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitándose este convenio ao abeiro do establecido nos artigos 19.4 a) e 26 desta Lei.

En consecuencia, e por razón da sintonía de obxectivos e tarefas asignadas á Fundación Galicia Europa e á Consellería do Medio Rural,

#### ACORDAN

*W*  
**Primeiro.-** O obxecto deste convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Galicia Europa que na súa oficina de Bruxelas, porá a disposición da Consellería o espazo de traballo preciso para a persoa designada por esta para levar a cabo as tarefas que lle sexan asignadas.

A Fundación permitirá a utilización dos servizos administrativos comúns da oficina, polo que a persoa designada pola Consellería deberá someterse ás condicións de uso que determine a Dirección da oficina, así como cumprir coas normas de réxime interno que dite aquela. Así mesmo, deberá acomodarse ao horario, xornada e demais elementos determinados polo réxime de funcionamento interno desa oficina.

*W*  
O cumprimento, por parte da persoa designada pola Consellería, destas normas de réxime interno non implica relación laboral ou contractual algunha desta persoa coa Fundación. De igual maneira, a Fundación Galicia Europa prestará á persoa destacada pola Consellería en virtude deste convenio, asesoramento técnico e accións formativas que o seu persoal puidera dispensarlle no exercicio das súas funcións.

Consecuentemente, a Consellería do Medio Rural comprométese a garantir o mantemento da orde interna da oficina e o seu respecto por parte da persoa destacada nela. Se as actividades ou o comportamento da persoa destacada alterara, entorpecera ou obstruíra o desenvolvemento do traballo habitual da oficina, o/a Director/a da Fundación Galicia Europa en Bruxelas remitirá unha memoria detallada sobre tales feitos á Consellería e ao Director da Fundación Galicia Europa, que adoptarán as medidas precisas para restaurar a orde interna, incluída as disciplinarias se se trata de persoal funcionario ou laboral, ou a resolución do contrato en caso da existencia doutro tipo de vínculo, se fora preciso, e de solicitarlo o referido Director/a.

Para garantir a coordinación e unidade de acción da oficina da Fundación Galicia Europa en





Bruxelas, a Consellería manterá informada á Dirección da oficina das ordes de servizo trasladadas ao seu persoal, debendo este, á súa vez manter, informada dos resultados das súas xestións á dirección, e colaborar, en todo caso, nas cuestións de interese para a Fundación que lle puideran ser puntualmente solicitados. A natureza das funcións da persoa destacada serán as propias da Consellería do Medio Rural, competencias e funcións que son distintas das que desenvolven os técnicos da Fundación Galicia Europa. A Dirección da oficina velará en todo momento por salvagardar a unidade de acción da Fundación Galicia Europa.

O/a beneficiario/a deberá cumprir as obrigas previstas na citada Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** Como compensación polos gastos ocasionados pola utilización das instalacións e dos medios materiais da oficina, a Consellería aboará á Fundación a cantidade de 5.000,00 euros que se imputará á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019:

2019.14.01.711A.443.02 (Proxecto contable 2016 00238)..... 5.000,00 €

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

Poderanse efectuar pagamentos parciais previa presentación da correspondente xustificación dos gastos, desde o 1 de xaneiro de 2019, ao abeiro do artigo 2.1.b) in fine, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante certificación expedida pola dirección da Oficina da Fundación, que conteña unha relación dos gastos xerados, así como unha certificación de realización das actividades expedida pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería.

De conformidade co establecido no artigo 11 a do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación poderá reemplazar a certificación relativa ao cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente o pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente o pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente levará consigo o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas e subvencións por outras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación do convenio.

Estas axudas son incompatibles con calquera outras que se puideran percibir para a mesma finalidade de compensación de gastos ocasionados pola persoa destacada na oficina pola Consellería do Medio Rural.


**Terceiro.-** A persoa destacada designarase pola Consellería. Como consecuencia a Consellería aboaralle a retribución ou prezo que estableza, así como, tanto as cargas sociais ou impostos que procedan, como os gastos de viaxes e indemnizacións en que incorra por razón do servizo, se é o caso. En ningún caso a Fundación Galicia Europa establecerá relación contractual algunha coa persoa designada ou destacada non podendo ser responsable das súas retribucións, cotizacións sociais, gastos de viaxe ou axudas de custo.

Antes de que a persoa designada inicie as súas funcións, a Consellería comunicará por escrito á Dirección da Fundación Galicia Europa a súa designación, e o réxime que lle será aplicable. Así mesmo, deberase remitir á Fundación Galicia Europa, xunto con esta comunicación escrita, documentación acreditativa da relación contractual que esa persoa mantén coa Consellería, quedando vinculada a vixencia deste convenio ao mantemento da relación contractual desa persoa coa Consellería de maneira ininterrompida. A ruptura desa relación contractual implicará a rescisión inmediata deste convenio, sendo obriga da Consellería comunicar á Fundación Galicia Europa calquera cambio que se produza na súa relación contractual coa devandita persoa.

**Quinto.-** A colaboración da Fundación Galicia Europa coa Consellería non preconstitúe relación de negocio xurídico algún de orde civil, mercantil, laboral ou administrativo daquela coa persoa destacada. En ningún caso, e no mesmo xeito, a Fundación non asumirá responsabilidade algunha por lesións, danos ou prexuízos que puideran provocar ou sufrir a persoa destacada, fose por acción ou omisión, correndo por conta da Consellería as reparacións, indemnizacións e gastos precisos para repoñer ao seu ser e estado orixinario o ben xurídico que puidera resultar afectado.

**Quinto.-** A Fundación Galicia Europa sométese ao control da actuación obxecto do presente convenio por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das competencias que nesta materia corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

**Sexto.-** As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Sétimo.-** As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse ou resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada polo Director/a da Fundación Galicia Europa, ou persoa na que delegue e pola secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, ou persoa na que delegue. Se transcorridos quince días naturais desde a presentación da lagoa ou diverxencia dita comisión non adoptara unha decisión, calquera das partes poderá denunciar o convenio e resolver a relación xurídica da que trae causa, sen prexuízo do seu sometemento ao que determinen os Tribunais de Xustiza da orde xurisdiccional competente. No caso de que fose a xurisdición civil, as partes acordan someterse ao foro dos Tribunais de Santiago de Compostela, onde ten o seu domicilio a Fundación Galicia Europa, renunciando a iniciar accións en calquera outra sede xudicial.

**Oitavo.-** Este convenio producirá efectos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

Este convenio poderá ser denunciado polas partes cun mes de antelación á súa finalización debendo, en todo caso, quedar rematadas as actividades acordadas.

**Noveno.-** As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba da súa plena e voluntaria conformidade coas estipulacións arriba consignadas, ambas partes asinan o presente instrumento por duplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

O director da Fundación Galicia-Europa

  
Fundación  
GALICIA EUROPA  
Jesús Mª Gamallo Aller

O conselleiro do Medio Rural

  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
CONSELLEIRO  
José González Vázquez